

# "PHO3NIX Kids by Javier Gómez Noya" CG Tríatlon de Menores Alevín e Infantil 2021.

## REGULAMENTO

### **Organiza:**

Federación Española de Tríatlon  
Federación Galega de Tríatlon

### **Promove:**

Fundación Javier Gómez Noya

### **Colaboran:**

Concello de Pontevedra  
Secretaría Xeral para o Deporte

### **Datas e horarios das carreiras:**

Domingo 3 de outubro 2021

14:00 h. 1ª Saída da proba

Hora de remate da proba: 15:00 horas aproximadamente

### **Categorías:**

Alevín e Infantil Masculina e Feminina

### **Distancias:**

150m. Natación (1V.)- 3.000 m. Ciclismo (1V.)- 1000m. Carreira a pé (1V)

[Sector Natacion](#)

[Sector Ciclismo](#)

[Sector Carreira a Pé](#)

### **Inscricións:**

Ata o 1 de outubro de 2021 ás 14:00 h.

### **Forma de inscrición:**

A inscrición realizarase on-line, a través da plataforma de Rockthesport na seguinte ligazón

<https://triatlon.org/evento/?alias=pho3nix-kids-by-javier-gomez-noya#>

Deportistas sen licenza de tempada.- Deberá subir á plataforma de inscrición o formulario de protección de datos adxunto. [Descarga aquí](#)

### **Baixas**

As baixas non comunicadas no prazo de inscrición terán unha penalización de 5€ por deportista que serán facturados ao club, ao final de cada tempada tal e como está aprobado en Asemblea Xeral.

-No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas.

**Publicación de listas de inscritos:**

A listaxe provisional pode ser consultada online na plataforma de inscricións de Rock-thesport

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

**Saída, transición e meta:**

Avenida de Buenos Aires-Inmediacións Ponte dos Tirantes de Pontevedra

**Recollida de dorsais:**

A partir das 11:00 h.

**Agasallos:**

Cada participante que remate a proba recibirá unha camiseta conmemorativa.

**Premios FEGATRI de Campionato Galego:**

- Medalla para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría que opten ao Campionato Xunta de Galicia, de acordo ás bases aprobadas no Regulamento Oficial de Competición FEGATRI
- Trofeos para os tres primeiros clubs do Campionato Galego de cada categoría.

*"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono" \*\* exención COVID avisando a XA.*

**Normas de competición**

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes e o Regulamento Oficial de Competición das Federacións Española e Galega de Tríatlon, así como polo [protocolo FISICOVID-DXT da FEGATRI](#) certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte o 16 de agosto de 2021.